



ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 29 DE MAIO DE 2018

Lugar: Sala do Consello de Goberno, Reitoría da UDC

Hora: Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no anexo I e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II..

Xustifican a súa ausencia Pedro Gil Manso, José María Sánchez Santos, Pilar García de la Torre, Sonia Souto Camba e Natalia Álvarez Lata.

1. Informe do reitor

O **reitor** toma a palabra informando en primeiro lugar da celebración do Consello Galego de Universidades no que se aprobaron os prezos públicos para o curso 2018-2019, con redución dos prezos dos mestrados profesionalizantes en, aproximadamente, 1000 euros por estudante e ano. A UDC fixo constar a necesidade de que a Xunta compense esta rebaixa ás universidades, acadándose o compromiso de facer efectiva esta compensación, previa certificación do número de estudantes matriculados. Tamén dou o visto e praxe ás novas titulacións presentadas polas tres universidades para o curso 2018-2019.

Informou tamén que antes do inicio do Consello Galego de Universidade asinouse a creación do novo Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) tras unha longa tramitación de máis de dous anos. Cada unha das tres universidades participa cun 30% e a Xunta co 10% restante, malia estar adscrito á USC. Este consorcio vai integrar BUGALICIA, o CIUG e máis o CIXUG, permitindo incorporar novas funcións en materia de contratación e prestación conxunta de servizos.

Trasladou que nese mesmo acto o presidente da Xunta anunciou a creación dun centro de investigación interuniversitaria co fin de dinamizar a protección do patrimonio dos camiños de Santiago. Tanto o CISUG como este novo centro estarán ubicados no Gaiás, no espazo previsto para o Teatro da Ópera, nun novo edificio que se chamará Fontán en honra do xeógrafo galego. Tamén albergará a ACSUG e o CESGA, cun orzamento de 17 millóns de euros. O novo centro será financiado, en parte, con recursos do PFSUG.

Dou conta tamén da celebración de diversas reunións a nivel estatal, como a xuntanza entre a CRUE e o Secretario de Estado de I+D+i, na que se acordou a creación dunha comisión estábel de relación para coordinar as políticas e a xestión do I+D+i. Alén do Secretario de Estado asistiu tamén o Director Xeral de I+D e a directora da nova Axencia de Investigación. Por parte da CRUE asistiu o seu presidente (reitor da Universidade de Lleida), o director da

sectorial de I+D (reitor da Universidade de Córdoba) e o da de xerentes (reitor da UDC). Falouse tamén do impacto da nova LCSP na xestión da investigación. A este respecto apuntou a novidade introducida por un recente informe da XCCA que permite considerar os centros e os institutos de investigación como unidades funcionais separadas. A dúbida é se para crealas cómpre ou non modificar os Estatutos da UDC. A Secretaria de Estado mesmo chegou a afirmar que para as XCCA os proxectos de investigación poderían ser considerados unidades funcionais.

Acrecenta o reitor que hai universidades que están indo por esta vía das unidades funcionais do art. 101 LCSP. Con todo, a maioría – entre elas a UDC – está á espera de que a XCCA responda unha consulta específica formulada nese sentido. Lembrou que a UDC xa tiña preparada, desde o día 10 de marzo, unha resolución de delegación.

Na reunión da mesa da sectorial de xerentes da CRUE tratouse de pór en común as boas prácticas das universidades. Coincidiuse no carácter residual da contratación menor e na aposta polo procedemento supersimplificado, a certificación de fornecedores (SDA) e a contratación centralizada. O problema é que a Plataforma de Contratos do Sector Público non está aínda preparada para o emprego destas fórmulas.

Nesa mesma reunión foi abordada tamén a entrada en vigor do novo Regulamento xeral de protección de datos. Indicou que en breve serán enviados protocolos e guías de actuación. Lembrou a importancia das sancións que poden ser impostas.

A seguir, pasou a palabra aos demais integrantes do Consello de Dirección.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informa dos asuntos seguintes:

Axudas Beatriz Galindo: Finalmente presentáronse 5 solicitudes de axudas Beatriz Galindo seguindo a proposta consensuada na xuntanza da Comisión de Investigación e convocadas pola Orde ECD/365/2018, do 23 de marzo do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Prestouse especial atención ás propostas que contribúan á consolidación dos novos Campus. Concretamente as solicitudes que foron presentadas son as das propostas polos grupos de investigación Laboratorio de Bases de Datos, grupo MODES estas dúas relacionada con Innova TIC, outra presentada polo grupo de investigación Persoa-Ambiente relacionada co Campus de sustentabilidade, e as outras dúas foron presentadas conxuntamente desde grupos do CICA e a Facultade de Ciencias e ligadas o Campus da Sustentabilidade. Dende esta vicerreitoría queremos agradecer os grupos, especialmente os de Ciencias/CICA a súa disponibilidad para reagrupar as solicitudes.

Convocatoria Postdoc: Resolveuse a convocatoria dos postdoc da Xunta onde saíron aprobados un total de 14 solicitudes das 54 presentadas. Instase

os investigadores a postularse con máis solicitudes xa que é unha cifra moi baixa comparada coas outras universidades, 84 da Universidade de Vigo.

Novas convocatorias de consolidación e referencia competitiva: Anúnciase a saída dunha nova convocatoria da Xunta sobre grupos de referencia competitiva, especial crecemento e consolidación. Nesta nova convocatoria, a que poderán concorrer aqueles grupos do catálogo que reúnan as condicións, empezarán a computar os gastos dende o 1 de xaneiro do 2019, aínda que os prazos serán similares as convocatorias pasadas.

Reparto ANEP e nova convocatoria: Nos vindeiros días procederáse ao reparto de fondos destinados aos grupos e unidades de investigación e investigadores individuais, seguindo as instrucións aprobadas pola Comisión de Investigación e de acordo coa puntuación obtida pola avaliación ANEP. Tamén se procederá a convocar unha nova avaliación para aqueles grupos que lles corresponda avaliarse neste ano 2018. Para o reparto final das axudas será necesario que estean incorporados os méritos na plataforma do SUXI da UDC.

A vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente**, informou dos seguintes asuntos:

- Os días 7 e 8 de maio a Comisión de Avaliación Externa do Programa EURACE visitou a Escola de Camiños, para avaliar os graos en Enxeñaría de Obras Públicas, e en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.

- O programa universitario para persoas maiores de 50 anos da UDC celebra este curso 15 anos de Internacionalización, Mobilidade e Innovación. Por este motivo, entre o 7 e o 11 de maio celebrouse un International Meeting con máis de 90 participantes de Gante (Bélgica), Scandiano (Italia), e das cidades de Almansa e de Valencia, e o VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores, con 150 alumnos/as, docentes e directivos dos programas para maiores das tres universidades públicas galegas.

- O pasado 24 de maio tivo lugar a presentación oficial do máster en Ciberseguridade (interuniversitario UDC-Uvigo) na Escola de Enxeñaría de Comunicacións da Universidade de Vigo.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, dou conta dos seguintes puntos:

1. 02/05/2018. Autorizouse a integración no corpo de titulares de universidade dun profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de Didáctica da Expresión Corporal ao acadar a acreditación correspondente.
2. 03/05/2018. O Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña en atención ao acordo do Consello de Goberno do 26/04/2018, propuxo a dona María del Pilar Dorado Pérez, catedrática da universidade da Universidad de Córdoba, para formar como vogal 3ª na comisión de selección da cátedra da área de coñecemento Máquinas e Motores Térmicos.



3. 23/05/2018. Na reunión da Mesa Sindical deste día abriuse o debate polo CSIF sobre a necesidade de controlar a asistencia do profesorado ás aulas.
4. 29/05/2018. Ábrese o prazo para a elaboración do POD 2018/19 dende o 29 de maio ao 15 de xuño.

Pola súa parte, a **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, trasladou ao Consello de Goberno as seguintes informacións:

- A publicación dos campamentos de verán en inglés no mes de xullo para os Campus de Ferrol e A Coruña, dirixidos a nenos e nenas.
- Informa de que a Área de Cultura da Universidade da Coruña organizou a iniciativa “Rutas pola cidade invisible” con Xurxo Souto de guía do “universo coruñento”.
- 16 de maio inaugurouse a exposición Éxodo en NORMAL. A principio do século XXI, 41 millóns de persoas atopábanse en situación de desprazamento forzado en todo o mundo. Dezasete anos despois, aproximadamente 65,6 millóns de persoas son vítimas do desprazamento forzado polos conflitos, a persecución, a violencia ou as violacións dos dereitos humanos. A cifra máis elevada xamais rexistrada. A exposición pretende poñer o foco de atención neste movemento migratorio, na intervención e respostas por parte dos diferentes países e as súas consecuencias e, sobre todo, nas vivencias e perspectivas das persoas afectadas.
- Presentáronse os novos servizos de asesoramento á comunidade universitaria froito de convenios asinados con varias entidades. Por un lado, en colaboración coa Cruz Vermella instálase un punto de información e prevención sobre drogas no Centro Universitario de Riazor, CUR, que se suma ao xa existente de asesoramento sobre sexualidade, imaxe corporal e autoestima, Quérote+, que está instalado en colaboración coa Xunta de Galicia. Ademais, ofrecerase asesoramento desde a Federación de Asociacións de Familiares y Personas con Enfermedad Mental de Galicia, FEAFES, sobre problemáticas relacionadas coa saúde mental.
- Informa sobre os principais logros con respecto os campionatos de España universitarios, nos que participou a UDC:

Medallas de ouro

- Judo (Mieres 20-21 abril) Sergio Trillo Valerio (-100) - Alejandro Sanmartín Carrera (+100)
- Vela (Calpe, 6-9 maio) Andrés Álvarez Gil - Carlos Castelao Molares - Jorge Lorenzo Román - Alejandro Pablo Prego Menor - Pedro Velón Bellido
- Halterofilia (Salamanca, 18-19 maio) Martín Liste Viaño (94 kg)
- Taekwondo (Los Alcáceres, Murcia. 18-19 maio) Sofía Pérez Riesco (medio, -73 kg)

Medallas de bronce

Judo (Mieres, 20-21 abril) - Guillermo Cadenas Suárez (-90) - Miguel Riopedre Fernández (-60)

- Atletismo (Andújar, 20-22 abril) - Antía Martínez Queimaño (100 m.v.)
- Halterofilia (Salamanca, 18-19 maio) - Sofía Martínez Santiago (58 kg)
- Taekwondo (Los Alcáceres, Murcia. 18-19 maio) Sara García Suárez (pluma, -57 kg) - Laura Dosil Gago (superlixeiro, -67 kg)
- Voleibol (Málaga, 23-26 abril) - Alba Quirós Valle - Alejandra Galbán Outeiral - Emma Ordóñez Lojo - Jessica López Rodríguez
- Laura Sánchez López - Lidia Gudge Cerejido - Noemí Sánchez Domínguez - Noemí Vázquez Rodríguez - Patricia Santos Fernández - Tania Cobos Fandiño Loita (Torredelcampo, Jaén, 11-12 maio) - Adrián Imedio Rodriguez
- **TOTAL MEDALLAS: 13 (5 de ouro e 8 de bronce)**
- Ouro: 2 Judo - 1 Vela - 1 Halterofilia - 1 Taekwondo
- Bronce: 2 Judo - 2 Taekwondo - 1 Atletismo - 1 Halterofilia - 1 Voleibol - 1 Loita

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** dou conta dos seguintes asuntos:

Economía

- Enviouse a primeira certificación do RAM (Reforma, ampliación e mellora) de 1 xaneiro a 15 de marzo de 2018 (185.783,38€).
- Procedemos ao cobro do IVE por investigación do ano 2016 o cal ascendeu a 489.306,20€.
- Xa están realizando a valoración de bens inmobles no campus do INEF e continuarán co que corresponde a Esteiro. No segundo semestre continuarase a última fase co Campus de Elviña e Zapateira.

Sustentabilidade

Vaise realizar o primeiro ciclo de conferencias cun formato de xornadas de investigación e transferencia do Campus da Sustentabilidade. Estas conferencias vanse centrar na planificación sustentable das cidades e será impartida por Jennifer Senick, directora do centro para as infraestruturas verdes

da Universidade de Rutgers (Estados Unidos) e nas políticas para a mitigación do cambio climático por parte de Dr. Nick Pearce, director do Instituto de Políticas Públicas da Universidade de Bath.

O día 16-18 de maio vaise organizar un Symposium Europeo titulado “Transformación das cidades e mellora do benestar nas cidades a través da innovación baseadas na natureza” que se celebrará na Fundación Barrié da Maza.

Continuou o programa Educando para a Sustentabilidade con Obradoiros nos CUR o pasado fin de semana (13 e 14 de abril). Este é un programa que está recibindo moita expectación entre tódolos asistentes ás xornadas.

Imputacións e validacións de expedientes de gasto

Imputacións:

- Informe V-007-18; V-008-18; V-009-18; por importe de 963.335,76€

Total imputado: 963.335,76€

Validacións:

- Informe C-003-18 con data de 20 de abril de 2018 e importe de 1.123.447,54€

Total validado: 1.123.447,54€

Sustentabilidade

- O pasado 6 de marzo lanzouse o Programa Educando para a Sustentabilidade en colaboración coa Fundación Alcoa co título da conferencia de Cambio Climático con mais de 120 persoas no CUR. Continuou o día 13 co programa Educando para a Sustentabilidade na Facultade de Ciencias da Educación con case douscentos alumnos e o día 15 coa presentación oficial na Oficina de Prensa da nosa Reitoría. Este é un programa que está recibindo moita expectación entre tódolos asistentes as Xornadas. Continuaron as xornadas de Bioconstrución.

A seguir, o reitor trasladou ao Consello o informe da **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**:

Dentro das actividades desenvolvidas na quinta reunión da Erasmus Staff Week, na que participaron persoal de administración e servizos de distintas universidades europeas, o día 9 visitaron o Campus de Ferrol para coñecer as súas instalacións.

O día 10 deste mes o reitor e o responsable da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal o departamento de Matemáticas da UDC facilitará asesoramento estatístico para mellorar a actividade investigadora dos profesionais do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e así mesmo os estudantes da Facultade de Enfermería e Podoloxía terán acceso a aula de simulación do dito hospital.

O xoves e venres pasado, o salón de actos Concepción Arenal do Campus de Ferrol acolleu a undécima reunión das Oficinas de Igualdade das Universidades españolas con asistencia de representantes de 38 universidades.

Dentro das actividades das Cátedras con sede en Ferrol, a Cátedra Navantia organizou o día 8 unha charla a cargo do divulgador científico e profesor da UDC Xurxo Mariño que falou da “Aventura do cerebro” e mañá mércores na Cátedra Jorge Juan estará o profesor de literatura na Universidade de Calabria, Nuccio Ordine cunha conferencia que leva o título dunha das súas obras mais coñecidas “A Utilidade do coñecemento inútil”

O **xerente** tamén informou ao Consello:

- Da modificación da Relación de Postos de Traballo do PAS da UDC

Tal e como se acordou no Consello de Goberno do pasado 3 de abril, unha vez recibida a autorización da Consellería de Facenda, enviouse ao Diario Oficial de Galicia a modificación da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña. Así, no DOG do 16 de maio publicouse a dita modificación.

- Nomeamento e toma de posesión do persoal que superou o proceso selectivo por promoción interna da OEP 2016 do subgrupo c2 ao subgrupo a2

Como consecuencia desa modificación da RPT, posibilitouse o nomeamento no DOG do pasado 21 de maio, como persoal funcionario de carreira das persoas que superaron o proceso selectivo de acceso á escala de xestión polo sistema de promoción interna, e a súa toma de posesión nos días seguintes.



- Resolución reitoral sobre límite mínimo para fiscalización previa

Esta semana publicárase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC, a Resolución reitoral pola que se exclúen de fiscalización previa os expedientes de gasto de contía inferior a 10.000 € máis IVE, os gastos inferiores a 3.000 € que se fagan a través do sistema de anticipos de caixa fixa, e as subvencións nominativas.

Con esta decisión procúrase unha adaptación gradual da organización da Universidade da Coruña á nova xestión da contratación administrativa, axilizar a xestión administrativa e minorar os tempos de acceso aos bens ou servizos necesarios para a actividade ordinaria da universidade.

O outro aspecto desta decisión ten que ser o incremento da responsabilidade de toda a organización na xestión económica e a implantación dun Plano de Control Interno que, ao abeiro dos principios de legalidade, economía e eficiencia, permita

- unha planificación anual de control financeiro para realizar a revisión de aquelas actuacións non suxeitas a fiscalización previa coa finalidade de mellorar a xestión, e

- sinalar a existencia de irregularidades e deficiencias nesa xestión e, en consecuencia, propor recomendacións nos procedementos de actuación.

- Aparcamento para sesións do Consello de Goberno

Coa finalidade de evitar masificación de vehículos no patio da Maestranza cando hai actos ou sesións de Consello de Goberno, do Claustro ou de outras comisións ou sesións de órganos colexiados, coa convocatoria sinalárase que as persoas asistentes poderán aparcarse o seu vehículo particular no Aparcadoiro de Marina Coruña por un tempo máximo de cinco horas. Ao rematar a reunión, a persoa asistente poderá solicitar o vale na Secretaría da Xerencia para trocar no propio aparcadoiro.

A razón desta decisión é, fundamentalmente, garantir a seguridade e integridade das persoas participantes en sesións convocadas pola universidade, de tal xeito que o patio permaneza libre para o acceso de vehículos sanitarios ou de seguridade.

Finalmente, en relación coa entrada en vigor do novo RXP, o **secretario xeral** informou da contratación dun delegado de protección de datos, unha solución provisoria á espera de que este servizo poda ser prestado desde o CISUG e do envío, nos próximos días, de guías e protocolos.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Logo da intervención do **secretario xeral, Fernanda Miguélez** cuestiona a forma en que a acta transcribe a resposta da vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente e do reitor a unha intervención súa na sesión anterior do Consello de Goberno

O **secretario xeral** sinala que o que se recolle na acta correspóndese coas notas por el elaboradas.

Intervén o **reitor** para sinalar que o que el dixo é que desde hai tres convocatorias aos avaliadores do Docentia xa se lles esixe ter superado o programa.

Fernanda Miguélez pregúntase, daquela, porque non se dou esa información no Consello.

O **reitor** contéstalle que si dixo tal. Nega que afirmara non ter superado o Docentia, en contra do que **Fernanda Miguélez** declara nun correo electrónico remitido ao conxunto da comunidade universitaria.

Teresa López confesa non se lembrar dos termos en que o asunto foi debatido. Solicita que de agora en diante as sesións do Consello de Goberno sexan gravadas e se levante un acta de acordos. Xosé Portela apoia a proposta.

Nona Inés Vilariño, pola contra, sen cuestionar a legalidade dunha acta limitada aos acordos adoptados, aconsella manter a acta exhaustiva e escrita.

Fernanda Miguélez anuncia a presentación dun voto particular (que figura como anexo a presente acta ao final da mesma) e abandona a sesión.

María José Martín di lembrar ter escoitado que o reitor non sometera a avaliación. O reitor e o secretario xeral négano.

A **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** indica que ela se refería aos “excelentes” cando **Fernanda Miguélez** falou de “folgadamente”.

Moisés Canle solicita que as actas do Consello de Goberno non se divulguen antes de seren aprobadas. Dío porque o correo de **Fernanda Miguélez** creou un problema no centro que dirixe, obrigando a comprobar que todos os avaliadores superaran o Docentia.

Blanca Laffon non concorda. Reclama o seu dereito, como representante das direccións de departamento no Consello de Goberno, a informar previamente dos asuntos sometidos a debate. Nesa mesma liña, **Xosé Portela** reclama o seu dereito de informar aos seus representados.

O **secretario xeral** apunta que xunto coa liberdade de expresión e a protección dos datos persoais está o principio xeral, proclamado na lexislación de transparencia, de que os documentos e a información oficial teñen carácter público.

O **reitor** dá lectura ao correo remitido por Fernanda Miguélez ao PDI. Afirmar non pór en cuestión a liberdade de expresión desta profesora. O que cuestiona é que se pretenda facer pasar unha opinión propia como transcripción fiel do sucedido na sesión.

Tras reiterar **Xosé Portela** a solicitude de que se graven as sesións, a acta foi aprobada sen votos en contra.

3. Contratos e convenios

o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 2 convenios marco, 9 convenios específicos e 65 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra.

4. Modificación do Acordo de acceso e procedemento de admisión aos estudos oficiais de grao do SUG 2018-2019

Presentado pola **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, foi aprobado sen votos en contra segundo figura no **anexo IV**

5. Proposta de modificación do regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC

vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, foi aprobado sen votos en contra segundo figura no **anexo V**

6. Calendario de admisión e matrícula de estudos de doutoramento 2018-2019

Presentado a proposta de calendario pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, foi aprobado por unanimidade segundo figura no **anexo VI**.

7. Títulos propios de posgrao

Presenta a proposta a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, pregunta a seguir **María José Martín** cal é a diferenza entre curso de especialización e máster. Explica que o seu interese é por evitar o uso do termo “máster” pola posíbel confusión cos títulos oficiais. A vice-reitora explica que a diferenza radica no número de créditos.

Moisés Canle sinala que a información que se ofrece sobre os contidos é mínima. Por iso, para evitar os problemas de anos anteriores, solicita acceder ao programa destes cursos e, en concreto, ao de “Educación Emocional e

Coaching Educativo”. A vicerreitora responde que os cursos son obxecto dunha revisión exhaustiva e que, respecto dese curso en concreto, non consta ningunha reclamación.

O punto foi aprobado por unanimidade segundo figura no **anexo VII**

8. Resolución de recurso de alzada interposto contra o acordo da Xunta de Escola da EU de Arquitectura Técnica de 13/04/2018

A proposta de resolución estimatoria do recurso, foi presentada polo **secretario xeral**.

A seguir intervén o profesor **Pérez Valcárcel** para queixarse de que se trae ao Consello de Goberno unha proposta pechada e o único que se pide é que se avale. Di non ter datos suficientes para decidir. O **secretario xeral** lémbrale que o expediente completo está ao seu dispor.

Fernando Agrasar anuncia a súa abstención, explicando que se trata dun asunto xurídico-administrativo complexo, tanto de procedemento como de fondo.

Pérez Valcárcel anuncia tamén a súa abstención, reiterando que o procedemento seguido non lle parece o máis correcto.

Sometida a votación, a proposta de resolución que figura como **anexo VIII**, foi aprobada por 23 votos a favor e 7 abstencións.

9. Aprobación, se proceder, do Regulamento de réxime interno do CITIC

Presentada a proposta polo **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo IX**.

10. Proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios

Presentada a proposta, que figura como **anexo X**, polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra.

11. Proposta de autorización de anos sabáticos curso académico 2018-2019

Presentada a proposta polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo XI**.

12. Proposta de autorización de cambio de área de coñecemento

Presentada a proposta polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra conforme o que figura como **anexo XII**.

13. Proposta de autorización de licenzas

Presentada a proposta, que figura como **anexo XIII**, polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra.

14. Proposta de Regulamento de réxime interno do departamento de psicoloxía

Presentada a proposta de regulamento, que figura como **anexo XIV**, polo **secretario xeral**, foi aprobada sen votos en contra.

15. Proposta de doazón dun cadro de Julio Fernández Argüelles á ETS de Náutica e Máquinas

Presentada polo **secretario xeral**, intervén a seguir **Nona Inés Vilariño** para preguntar se existe algún comité que determine se os bens doados merecen formar parte do patrimonio da UDC. O secretario xeral contesta que non.

Acrecenta **Fernando Agrasar** indicando que na UDC son os centros os que valoran a conveniencia das doazóns. A profesora Lorenzo Modia lembra que no caso dos libros doados si se realiza esa avaliación.

Aprobouse a proposta de doazón, que figura como **anexo XV**, sen votos en contra.

16. Quenda aberta de intervencións

Fernando Agrasar pide á reitoría que, en relación coa doazón da biblioteca de Luís Rocah (discípulo de Mies Van der Rohe), que está a xestionar a investigadora Zaida García Requejo, se actúe coa máxima celeridade posíbel.

Xosé Portela, en relación co informe do xerente, rexeita que certos gastos sexan excluídos da intervención previa. Di que na páxina web da UDC aparecen encomendas de xestión á FUAC e manifesta a súa oposición a esta externalización, solicitando que estas funcións se incorporen á xestión ordinaria da UDC. Unha vez que os Orzamentos Xerais do Estado para 2018 xa superaron o primeiro trámite no Congreso, e dado que neles se contempla unha recuperación dos dereitos recortados anteriormente como, por exemplo, a xornada e a previsión dun proceso de consolidación que afectará tamén ao PAS da UDC, solicita da xerencia que se vaian poñendo en andamento os mecanismos oportunos.

En relación coa PDA, o profesor **Calvo Rolle** pregunta como se debe actuar cos membros dun departamento que se xubilan deixando as materias a outras áreas.

Moisés Canle quéixase de que, como decano da Facultade Ciencias, recibe para asinar permisos de PDI doutros centros que teñen docencia no seu. Comproba que moitas solicitudes fican sen asinar, cos graves problemas que de aí poden resultar. Sobre as bolsas pós-doc da Xunta quéixase de que a convocatoria non prevexa a posibilidade de captar xente de fóra de Galicia. Con retranca, pregunta se isto obedece a que todo o talento que existe no mundo está concentrado no noso país.

María José Martín comenta que xa dou introducido os datos no SUXI. A súa reticencia con relación a esta aplicación, explica, obedece a que non reflicte certos índices de calidade que poderían facilitar o traballo dos avaliadores. Pregunta se este ano se vai permitir certa flexibilidade na presentación dos CV. O vicerreitor de profesorado respóndelle que se está a traballar para mellorar a ferramenta, facilitando e flexibilizando as cousas.

Nona Inés Vilariño pregunta cando se vai informar que non se poderá aparcar no patio da Reitoría (o **xerente** dille que xa) e se será posíbel recibir información en relación co mestrado de videoxogos que se vai implantar en no Campus de Ferrol (o **reitor** e a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** dinlle que a información xa está dispoñíbel na páxina web da UDC). Polo demais, súmase ás manifestacións realizadas en defensa da liberdade de expresión e de información. Porén, defende tamén que cando se opina sobre o que os outros din haxa que respectar a veracidade. Recoñece que a gravación vai solucionar grande parte deses problema mais, mesmo así, chama a atención sobre o valor das actas e a súa importancia.

O **reitor** intervén para responder algunhas das cuestións levantadas:

Sobre a PDA: oficialmente, nas titulacións xa non hai áreas de coñecemento. As materias créanlas os centros e son os departamentos os que realizan o reparto entre o profesorado.

Sobre a ferramenta de permisos: ven incluída na ferramenta de xestión de Epsilon e está pensada para estruturas piramidais, que non se corresponden coa organización universitaria, xa que un mesmo profesor pode dar aulas en varios centros.

Acerca do SUXI que diferenciar entre varias cuestións:

- (a) Con efecto, o SUXI prescinde a mantenta de certos indicadores de calidade que teñen carácter variábel (como, p.ex., as citacións).
- (b) O factor de impacto xa está preparado para ser incluído na aplicación.
- (c) A presentación do CV para a ANEP pódese realizar en formato word co compromiso de que os méritos teñen logo que ser integrados no SUXI.

Canto ao mestrado de videoxogos, a vicerreitora de oferta académica sinala que toda a información está no portal “mastervideojuegos.udc.gal”.

O **reitor** segue coa palabra para manifestar o seu acordo con que a liberdade de expresión se compatibilice coa non terxiversación da opinión dos demais.

O **xerente**, de por parte, contesta a Portela que respecta o seu rexeitamento das excepcións á fiscalización previa. Porén, esclarece que o que el quixo indicar é que a ausencia de fiscalización previa incrementa a responsabilidade dos xestores do gasto. Agora, acrecenta, o centro de gasto ten que ir alén do AD: terá que xestionar tamén a obriga de pagamento. Asume a necesidade de informar sobre a instrución e lembra que o plan de control interno vai nesa liña: é un sistema de auditoría imprescindible en ausencia de intervención previa.

Sobre as encomendas de xestión nega que exista externalización ningunha: a FUAC é 100% pública e 100% da UDC.

Sobre os Orzamentos Xerais do Estado para 2018 toma nota da suxestión de Portela.

Finalmente, o **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** coincide en que as convocatorias poden ser melloradas. Toma nota da suxestión de Moisés Canle e respecto das xa realizadas pola UDC, a través do profesor González Penedo, referíronse á puntuación, á valoración só de anos completos ou á pertenza a centros singulares.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 12:18

ANEXO:

Voto particular presentado por Fernanda Miguélez sobre o punto 2 de Aprobación da acta da sesión anterior (26/04/2018)

"En el punto 6 el párrafo siguiente debería decir:

"A vicerreitora intervén para contestar estas preguntas aludindo, en primeiro lugar, ao período de 5 anos: sinala que este nunca variou e que hai profesorado á espera de poder someterse a avaliación. E que as universidades que permiten períodos inferiores fano por ligaren o Docentia cos quinquenios. En calquera caso lembra que a avaliación positiva da docencia non depende da superación do Docentia: tamén se pode acreditar por medio das enquisas. Mesmo hai universidades que, como a USC, abandonaron o Docentia e outras que nin sequera o chegaron a implantar. Acerca das comisións di que se barallou a presenza de membros externos mais valorouse que tal dificultaría o coñecemento do funcionamento interno do centro. Sobre o coñecemento dos items obxecto de avaliación responde a Fernanda Miguélez que a plataforma xa informa dos aceptados e dos rexeitados. Neste punto intervén o reitor para lembrar que xa se pide que os avaliadores coñezan o sistema, **NON** que o superasen).

En el ultimo parrafo, debería decir

A proposta, que figura como anexo VI, foi aprobada **por asentemento**.

Fernanda Miguélez